



Carta Cultural Iberoamericana  
XVI Cumio Iberoamericano de Xefes de Estado e de  
Goberno  
Montevideo (Uruguai)  
4 e 5 de novembro de 2006

## **PRESENTACIÓN**

### **Enrique V. Igrexas**

Secretario xeral iberoamericano

### **Francisco Piñón**

Secretario xeral da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura

Iberoamérica caracterízase pola súa gran diversidade cultural e lingüística. Que a Comunidade Iberoamericana de Nacións constitúe unha comunidade cultural é, probablemente, a idea forza que concita un maior consenso. A diversidade iberoamericana non é unha simple suma de culturas diferentes. Pola contra, o conxunto de pobos iberoamericanos maniféstase perante o mundo como un sistema cultural integrado, caracterizado por unha dinámica entre unidade e diferenza, o que constitúe un poderoso factor de capacidade creativa.

A Carta Cultural Iberoamericana adoptada polo XVI Cumio Iberoamericano de Montevideo, favorecerá, sen dúbida, unha maior articulación e mellor cooperación entre os países da rexión. É un proxecto político de gran magnitude que senta as bases para a estruturación do "espazo cultural iberoamericano" e para a promoción dunha posición máis forte e protagonista da comunidade iberoamericana diante do resto do mundo nun dos seus recursos máis valiosos, a súa riqueza cultural.

Os beneficios concretos que se derivan do desenvolvemento desta carta cultural en cada nación iberoamericana poden ser numerosos. Busca defender e favorecer o desenvolvemento da nosa propia diversidade interior. Pretende promover novas fórmulas e tratamentos comúns na rexión para que os países iberoamericanos se poidan expresar cara a fóra con voces coordinadas nos asuntos culturais, especialmente, nos relativos ao dereito de autor, ao patrimonio cultural ou ás industrias culturais.

A carta impulsa a cooperación cultural entre os países iberoamericanos e facilita mecanismos para un mellor coñecemento da riqueza cultural propia, creando as condicións para unha mellor circulación dos bens e produtos culturais da rexión.

É un compromiso voluntario de cooperación, que xorde da solidariedade entre Estados e a súa visión integral da cultura queda patente na amplitude e variedade dos seus ámbitos de aplicación: os dereitos humanos e os dereitos culturais, as culturas tradicionais, indíxenas, de afrodescendentes e de poboacións migrantes, os ámbitos propios do sector cultural como a creación artística e literaria, as industrias culturais, os dereitos de autor e o patrimonio cultural, ou as relacións da cultura con outros ámbitos das políticas públicas, como a educación, o ambiente, a ciencia e a tecnoloxía, a comunicación, a economía solidaria e o turismo.

A Secretaría Xeral Iberoamericana e a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura, impulsarán, nos seus respectivos ámbitos de actuación e

de xeito coordinado, os mecanismos e programas que lles dean corpo ao compromiso político e ao mandato do XVI Cumio sumando a todos os actores sociais e culturais implicados: os representantes da sociedade civil, os creadores, os emprendedores e as administracións e institucións culturais Iberoamericanas.

Con esta declaración política, a Comunidade Iberoamericana de Nacións envía unha mensaxe universal a favor da cooperación e a utilización da cultura como un instrumento, cada vez máis poderoso, de dignificación dos cidadáns e de diálogo entre os pobos.

# **CARTA CULTURAL IBEROAMERICANA**

## **PREÁMBULO**

Os xefes de Estado e de Goberno dos países iberoamericanos:

Tendo en conta os principios enunciados na declaración do I Cumio Iberoamericano, celebrado en Guadalaxara (México, 1991), e convencidos de que "representamos un vasto conxunto de nacións que comparten raíces e o rico patrimonio dunha cultura fundada na suma de pobos, sangues e credos diversos", e de que o noso "propósito de converxencia se sustenta non só nun acervo cultural común senón, así mesmo, na riqueza das nosas orixes e da súa expresión plural";

Reafirmando a importancia dos instrumentos adoptados e das accións emprendidas no ámbito da cultura de cara ao seu fortalecemento e á ampliación do intercambio cultural, por parte da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) en materia de cultura e, concretamente, dos principios enunciados na "Declaración sobre a Diversidade Cultural" (2001) e na "Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais" aprobada na cidade de París (2005), durante a XXXIII Conferencia Xeral da UNESCO, en especial os seus artigos 12, 13 e 14;

Recoñecendo e valorando os programas de desenvolvemento cultural realizados polos organismos internacionais e mecanismos de cooperación rexional e, en especial, o significativo papel que cumpre a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI), como organización para o desenvolvemento da cooperación cultural, así como as funcións que comezou a desempeñar a Secretaría Xeral Iberoamericana (SEGIB) para os efectos de fortalecer a cooperación iberoamericana;

Convencidos de que é nos sistemas democráticos onde a cultura e a súa xestión mellor se establecen e desenvolven, e que ese marco permite a libre creación de mecanismos de expresión e asegura a plena participación dos pobos na cultura e, en particular, dos seus creadores, portadores e destinatarios;

Convencidos igualmente de que a cultura se debe exercer e desenvolver nun marco de liberdade e xustiza, recoñecemento e protección dos dereitos humanos, e de que o exercicio e o aproveitamento das manifestacións e expresións culturais deben ser entendidos como dereitos de carácter fundamental;

Considerando que o exercicio da cultura, entendido como unha dimensión da cidadanía, é un elemento básico para a cohesión e a inclusión social e que xera, ao mesmo tempo, confianza e autoestima non só aos individuos, senón tamén ás comunidades e nacións ás cales pertencen;

Conscientes de que o proceso de mundialización parte de profundas iniquidades e asimetrías e que se desenvolve nun contexto de dinámicas hexemónicas e

contrahexemónicas, xerando e afondando tanto desafíos e riscos, como influencias mutuas e benéficas, nas culturas dos países iberoamericanos;

Manifestando a nosa contribución específica cara a outros pobos e culturas do mundo, co propósito de estimular a construción dunha cultura de paz, centrada no intercambio, o diálogo intercultural e a cooperación a prol de acadar unha mellor convivencia tanto nacional como internacional;

Resaltando que a diversidade cultural é unha condición fundamental para a existencia humana e que as súas expresións constitúen un valioso factor para o avance e o benestar da humanidade en xeral, diversidade que debe ser gozada, aceptada, adoptada e difundida en forma permanente para enriquecer as nosas sociedades;

Recoñecendo que a diversidade cultural se manifesta en identidades organizadoras de territorios e de mundos simbólicos, identidades inseparables do seu patrimonio e do medio no que os bens ou obras son creados, así como dos seus contextos naturais;

Reiterando o principio de igual dignidade de todas as culturas, e a necesidade de adoptar medidas preventivas para o recoñecemento, a defensa, a promoción e a protección das culturas tradicionais e as dos grupos considerados minoritarios;

Recoñecendo o dereito que as comunidades locais e as poboacións indíxenas posúen sobre os beneficios que se derivan da utilización dos seus coñecementos e tecnoloxías tradicionais;

Reafirmando que Iberoamérica se manifesta como un gran sistema onde aparecen elementos únicos e excepcionais, e que é posuidora dun patrimonio cultural común e diverso que resulta indispensable promover e protexer;

Recoñecendo que a cultura iberoamericana é diversa, plural, universalmente difundida e que representa unha singular expresión dos pobos e está dotada dunha gran riqueza cultural, unha de cuxas manifestacións máis significativas son as linguas e as súas transformacións produto dunha multiplicidade de achegas interculturais;

Convencidos de que a dignificación dos pobos indíxenas supón a recuperación e preservación das súas linguas como factor de fortalecemento das súas identidades;

Destacando o valor estratéxico que ten a cultura na economía e a súa contribución fundamental ao desenvolvemento económico, social e sustentable da rexión;

Convencidos de que as actividades, bens e servizos culturais son portadores de valores e contidos de carácter simbólico que preceden e superan a dimensión estritamente económica;

Aceptando a importancia da creación intelectual e a necesidade de equilibrar o dereito ao recoñecemento e a xusta retribución aos creadores, coa garantía do acceso universal á

cultura;

Recoñecendo que a diversidade cultural se nutre e se promove a través da libre interacción e o intercambio en condicións de igualdade entre todas as culturas, de preferencia, mediante a cooperación internacional;

Recoñecendo a presenza de culturas emerxentes resultantes de fenómenos económicos e sociais como o desprazamento interno, as migracións, as dinámicas urbanas, o desenvolvemento das tecnoloxías; culturas que estimulan o xurdimento de novas narrativas e estéticas, e reforzan o diálogo intercultural;

Decididos a contribuír á consolidación dun espazo cultural iberoamericano, enriquecido por un acervo de experiencias e pola cooperación entre os Estados iberoamericanos; e

Tendo en conta as declaracións emanadas das Reunións dos ministros de Cultura e dos responsables das políticas culturais iberoamericanas; o acordado na Declaración de San Xosé de Costa Rica (2004), no relativo a "promover e protexer a diversidade cultural que está na base da Comunidade Iberoamericana de Nacións", e a que se busquen "novos mecanismos de cooperación cultural iberoamericana, que fortalezan as identidades e a riqueza da nosa diversidade cultural e promovan o diálogo intercultural"; o acordado na Declaración de Córdoba (2005), onde se lles propón aos xefes de Estado e de Goberno do XV Cumio Iberoamericano avanzar na elaboración dun proxecto de Carta Cultural Iberoamericana que fortaleza o "espazo cultural común aos nosos países" e estableza un "instrumento innovador de cooperación cultural iberoamericana"; e o acordado na Declaración de Salamanca (2005), que decide "elaborar unha Carta Cultural Iberoamericana que, dende a perspectiva da diversidade das nosas expresións culturais, contribúa á consolidación do espazo iberoamericano e ao desenvolvemento integral do ser humano e á superación da pobreza";

## **DECLARAN:**

### **I FINS**

- **afirmar o valor central da cultura como base** indispensable para o desenvolvemento integral do ser humano e para a superación da pobreza e da desigualdade;
- **promover e protexer a diversidade cultural que é** orixe e fundamento da cultura iberoamericana, así como a multiplicidade de identidades, linguas e tradicións que a conforman e enriquecen;
- **consolidar o espazo cultural iberoamericano** como un ámbito propio e singular, con base na solidariedade, o respecto mutuo, a soberanía, o acceso plural ao coñecemento e á cultura, e o intercambio cultural;

- **facilitar os intercambios de bens e servizos** culturais no espazo cultural iberoamericano;
- **incentivar lazos de solidariedade e de cooperación** do espazo cultural iberoamericano con outras rexións do mundo, así como alentar o diálogo intercultural entre todos os pobos; e
- **fomentar a protección e a difusión do patrimonio** cultural e natural, material e inmaterial iberoamericano a través da cooperación entre os países.

## **II PRINCIPIOS**

### **PRINCIPIO DE RECOÑECIMIENTO E DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS CULTURALS**

Os dereitos culturais deben ser entendidos como dereitos de carácter fundamental segundo os principios de universalidade, indivisibilidade e interdependencia. O seu exercicio desenvólvese no marco do carácter integral dos dereitos humanos, de forma tal, que ese mesmo exercicio lles permite e facilita, a todos os individuos e grupos, a realización das súas capacidades creativas, así como o acceso, a participación e o aproveitamento da cultura. Estes dereitos son a base da plena cidadanía e fan dos individuos, no colectivo social, os protagonistas do quefacer no campo da cultura.

### **PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN**

A participación cidadá é esencial para o desenvolvemento das culturas nos ámbitos nacionais e no espazo cultural iberoamericano. Deben existir marcos normativos e institucionais que faciliten esa participación en todas as súas manifestacións.

### **PRINCIPIO DE SOLIDARIEDADE E DE COOPERACIÓN**

A solidariedade entre os pobos e países promove a construción de sociedades máis xustas e equitativas, nunha Comunidade Iberoamericana con menores asimetrías.

A cooperación horizontal, baseada no respecto e o traballo mancomunado, é a canle privilexiada do espazo cultural iberoamericano.

### **PRINCIPIO DE APERTURA E DE EQUIDADE**

Débase facilitar a cooperación para a circulación e os intercambios en materia cultural con

reciprocidade e equidade no seo do espazo cultural iberoamericano.

### **PRINCIPIO DE TRANSVERSALIDADE**

No conxunto das actuacións públicas, é esencial tomar en conta a dimensión cultural que poidan presentar para o fomento da diversidade e a consolidación do espazo cultural iberoamericano.

### **PRINCIPIO DE COMPLEMENTARIEDADE**

Os programas e as accións culturais deben reflectir a complementariedade existente entre o económico, o social e o cultural, tendo en conta a necesidade de fortalecer o desenvolvemento económico e social de Iberoamérica.

### **PRINCIPIO DE ESPECIFICIDADE DAS ACTIVIDADES, BENS E SERVIZOS CULTURAIS**

As actividades, bens e servizos culturais son portadores de valores e contidos de carácter simbólico que preceden e superan a dimensión estritamente económica.

### **PRINCIPIO DE CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE, Á COHESIÓN E Á INCLUSIÓN SOCIAL**

Os procesos de desenvolvemento económico e social sustentables, así como a cohesión e inclusión social, só son posibles cando son acompañados por políticas públicas que toman plenamente en conta a dimensión cultural e respectan a diversidade.

### **PRINCIPIO DE RESPONSABILIDADE DOS ESTADOS NO DESEÑO E NA APLICACIÓN DE POLÍTICAS CULTURAIS**

Os Estados teñen a facultade e a responsabilidade de formular e aplicar políticas de protección e promoción da diversidade e do patrimonio cultural no exercicio da soberanía nacional.

## **III ÁMBITOS DE APLICACIÓN**

### **CULTURA E DEREITOS HUMANOS**



Recoñécese a importancia de reforzar o papel da cultura na promoción e consolidación dos dereitos humanos e maniféstase a necesidade de que o deseño e xestión das políticas culturais se correspondan coa observancia, o pleno respecto e a vixencia dos dereitos humanos.

Recoñécese, así mesmo, a conveniencia de adoptar accións afirmativas para compensar asimetrías e asegurar o exercicio da plena cidadanía.

## **CULTURAS TRADICIONAIS, INDÍXENAS, DE AFRODESCENDENTES E DE POBOACIÓNS MIGRANTES**

As culturas tradicionais, indíxenas, de afrodescendentes e de poboacións migrantes nas súas múltiples manifestacións son parte relevante da cultura e da diversidade cultural iberoamericana, e constitúen un patrimonio fundamental para a humanidade.

Para tal fin, cómpre:

- adoptar medidas para fomentar o desenvolvemento destas culturas, e para garantir a protección, preservación, transmisión;
- promover os elementos artístico-tradicionais destas culturas, o coñecemento dos seus valores, técnicas, usos e innovacións e impedir a súa apropiación indebida en prexuízo das comunidades ás que pertencen;
- recoñecer as orixes das manifestacións culturais e o dereito a decidir sobre os seus coñecementos, innovacións e prácticas;
- garantir as condicións para que se faga efectivo o principio de xusta remuneración e unha repartición equitativa dos beneficios da utilización deses coñecementos, innovacións e prácticas;
- recoñecer o valor e a diversidade do patrimonio cultural dos indíxenas, afrodescendentes, e poboacións migrantes co propósito de lles facilitar a súa plena participación en todos os niveis da vida cidadá;
- recoñecer a riqueza da achega das poboacións migrantes ao proceso da interculturalidade nos nosos países; e
- admitir a persistencia do racismo, a discriminación racial, a xenofobia e as formas conexas de intolerancia nas nosas sociedades e reafirmar a necesidade de combatelos.

## **CREACIÓN ARTÍSTICA E LITERARIA**

A literatura e as artes son por excelencia a expresión das identidades iberoamericanas e da riqueza da nosa diversidade cultural, e representan unha inmensa posibilidade de expresión

que debe ser estimulada.

A creatividade artística é fonte de sentidos, de identidade, de recoñecemento e enriquecemento do patrimonio, de xeración de coñecemento e de transformación das nosas sociedades. Por iso, é fundamental o fomento da produción literaria e artística, o seu usufruto por parte de toda a cidadanía e o acceso universal á educación nas artes.

## **INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS**

As industrias culturais e creativas son instrumentos fundamentais de creación e de difusión da cultura, de expresión e afirmación das identidades, así como de xeración de riqueza e crecemento.

Co propósito de garantir tanto un acceso máis democrático aos bens e servizos que xeran estas industrias, como un intercambio máis equilibrado e unha difusión de contidos que expresen a diversidade cultural do espazo iberoamericano, comprometémonos a:

- apoiar e fomentar a produción de contidos culturais e as estruturas de distribución de actividades, bens e servizos culturais no espazo cultural iberoamericano;
- establecer mecanismos de cooperación que promovan unha distribución dos seus bens e servizos culturais no espazo iberoamericano e no exterior, con especial atención ao sector cinematográfico e audiovisual, á música e ao libro;
- crear mecanismos que habiliten efectivamente o libre tránsito de bens culturais na rexión, co firme propósito de promover ao máximo a cooperación e o mutuo enriquecemento cultural dos nosos pobos mediante un fluído intercambio de mostras e exposicións con fins non comerciais;
- promover incentivos e vías de cooperación para a transferencia de tecnoloxía e coñecemento que contribúan ao fortalecemento destas industrias naqueles países onde se rexistran menores avances;
- propiciar o desenvolvemento e o intercambio de estatísticas e estudos sobre as industrias culturais e creativas, e demais áreas da economía da cultura; e
- favorecer acordos de coprodución e codistribución de actividades, bens e servizos culturais no espazo cultural iberoamericano, e procurar un acceso preferente para os países que teñan industrias culturais e creativas incipientes.

## **DEREITOS DE AUTOR**

Incentivaranse e protexerán as creacións expresadas nas obras culturais, científicas e

educativas, asumindo que os dereitos dos creadores, equilibrados coa garantía do acceso universal á información, ao coñecemento e á cultura, son fontes de desenvolvemento e benestar nas nacións.

Promoveranse alternativas para articular a protección dos dereitos de autor, o desafío formulado polas novas tecnoloxías, o acceso masivo a innovadoras formas de creación e a difusión de bens e servizos culturais.

## **PATRIMONIO CULTURAL**

O patrimonio cultural representa unha longa experiencia de modos orixinais e irrepetibles de estar no mundo, e representa a evolución das comunidades iberoamericanas e, por iso, constitúe a referencia básica da súa identidade.

Integran o patrimonio cultural iberoamericano tanto o patrimonio material como o inmaterial, que deben ser obxecto irrenunciable de especial respecto e protección.

As manifestacións culturais e lingüísticas das comunidades tradicionais, indíxenas e de afrodescendentes son parte do patrimonio cultural iberoamericano e sonlles recoñecidos os seus dereitos.

A protección do patrimonio cultural a través do seu recoñecemento, transmisión, promoción, e o cumprimento de medidas axeitadas necesita da participación da sociedade no seu conxunto e é responsabilidade esencial do poder público.

A apropiación social do patrimonio asegura tanto a súa preservación como o uso e aproveitamento pola cidadanía.

Co obxecto de recoñecer e de protexer o patrimonio cultural iberoamericano, promóvese a cooperación para evitar a exportación e o tráfico ilícito de bens culturais, así como para recuperar os bens ilegalmente exportados.

## **CULTURA E EDUCACIÓN**

Pola estreita relación existente entre a cultura e a educación, é necesario:

- reforzar, nos sistemas educativos, o coñecemento e a valoración da diversidade cultural iberoamericana;
- propiciar a incorporación nos plans e programas de educación de liñas temáticas orientadas ao estímulo da creatividade e á formación de públicos culturais críticos;

- incorporar contidos da cultura e da historia iberoamericana, reafirmando os seus compoñentes propios e identitarios, nos currículos e fomentar unha perspectiva rexional da aprendizaxe;
- propiciar que, nas zonas onde habitan comunidades tradicionais e indíxenas, os plans e programas de educación incorporen as súas respectivas linguas, valores e coñecementos con pleno recoñecemento social, cultural e normativo; e
- asegurar o dereito de toda a poboación á alfabetización e educación básica, así como fomentar o cultivo da lectura e o acceso ao libro e ás bibliotecas públicas como centros de promoción cultural.

## **CULTURA E AMBIENTE**

Cultura, natureza e ambiente están intimamente relacionados. Para fortalecer esta relación é necesario:

- fomentar a cultura da sustentabilidade;
- coordinar medidas de protección e valorización do patrimonio ambiental e do patrimonio cultural;
- promover a valorización do ambiente como parte integrante do patrimonio cultural.

## **CULTURA, CIENCIA E TECNOLOXÍA**

O desenvolvemento cultural iberoamericano precisa do fortalecemento da ciencia e a tecnoloxía na rexión, dende un enfoque solidario, en beneficio do interese xeral.

Para tal fin, corresponde:

- promover e fortalecer as políticas nacionais e rexionais, e a cooperación iberoamericana para o fomento e a difusión da investigación en ciencia e tecnoloxía;
- facilitar o acceso de todos os sectores da poboación ás innovacións tecnolóxicas e aos seus beneficios; e
- promover o desenvolvemento e a utilización das novas tecnoloxías como oportunidades de creación, produción, difusión e promoción de bens e servizos culturais, así como a súa contribución á formación de novos públicos e ao intercambio cultural entre os países

## **CULTURA E COMUNICACIÓN**

Os medios de comunicación son escenarios para a creación, e canles importantes para a difusión e o fomento da diversidade cultural. En tal sentido débese:

- promover o acceso plural das comunidades e dos grupos sociais ás tecnoloxías e aos medios de comunicación;
- favorecer a creación de medios de comunicación no ámbito iberoamericano para a expresión das distintas manifestacións culturais na rexión e no mundo;
- poñer en valor a misión de servizo público cultural que lles corresponde aos medios de comunicación; e
- fomentar o desenvolvemento dos medios de comunicación cidadáns e comunitarios que estimulen o diálogo entre as comunidades locais e enriquezan a presenza da diversidade na esfera pública.

## **CULTURA E ECONOMÍA SOLIDARIA**

Promoveranse accións para apoiar a creación, produción e circulación de bens e servizos culturais que se insiran na esfera da economía solidaria.

As políticas públicas culturais deben recoñecer estas creacións en todas as súas dimensións, xerando condicións para o seu desenvolvemento, promovendo a súa valorización e recoñecemento, tanto no nivel nacional coma no espazo cultural iberoamericano, e na súa relación con outras rexións do mundo.

## **CULTURA E TURISMO**

A relación entre cultura e turismo implica novas accións, dado o crecemento dos obxectivos e intereses culturais nos servizos turísticos. Esta relación xera desafíos e riscos que esixen a protección do patrimonio. Así mesmo, produce oportunidades que deben ser aproveitadas, para o que:

- as actividades turísticas deben ter un trato respectuoso e coidadoso das expresións culturais tradicionais, preservando a súa autenticidade;
- os beneficios das actividades turísticas deben contribuír á sustentabilidade das expresións culturais, tanto materiais como inmateriais; e
- a planificación das políticas públicas de cultura debe incidir na dinámica do sector turístico.

#### **IV ESPAZO CULTURAL IBEROAMERICANO**

Iberoamérica é un espazo cultural dinámico e singular; nel recoñécese unha notable profundidade histórica, unha pluralidade de orixes e variadas manifestacións.

A consolidación dun espazo iberoamericano que recoñece a multiplicidade de matices, leva consigo voces que dialogan con outras culturas.

É necesario fortalecer as estruturas rexionais de cooperación coa finalidade de crear mellores condicións para a inserción de Iberoamérica no escenario global.

Neste marco promoveranse as afirmacións, ideas e valores consagrados na presente Carta Cultural como liñas reitoras na construción dun espazo cultural iberoamericano.